



Concello de Guitiriz

Anuncio nº8 do Tribunal de selección de 3 peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre (OEP de 2017 e 2019, estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.7. da LOXE de 2018, e art. 28 LEPG). Expte: 889/2019.

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 25/11/2020 ACORDOU por unanimidade:

1º.- Contestar as dúas alegacións presentadas contra os resultados definitivos do exercicio e a lista provisional de aprobados no seguinte sentido:

- **Julio Alberto Aldrey Bao, de data 23/11/2020, RE nº 5739.** Solicita en aras da transparencia do proceso se fagan públicos os exercicios da fase oposición de todos os aspirantes coa finalidade de comprobar a existencia do erro material que altera definitivamente os resultados do proceso selectivo.

O Tribunal de selección considera que todos os aspirantes teñen dereito a acceder ao expediente e consultar os documentos que constan no mesmo, incluso os exercicios dos outros aspirantes, sen que sexa necesario publicar os exercicios sen o consentimento dos autores dos mesmos. En consecuencia, estímase parcialmente o solicitado podendo consultar o expediente completo nas dependencias municipais.

- **Horacio Prado Miragaya, de data 23/11/2020, RE nº 574.** Efectúa 2 alegacións e solicita que se repoña a súa nota provisional no exercicio tipo test con 1,5 puntos máis, cun total de 76,4 puntos, formando parte lo listado de 3 aspirantes aprobados.

O Tribunal de selección desestima integramente a reclamación de Horacio Prado Miragaya de que se repoña a súa nota provisional no exercicio tipo test con 1,5 puntos máis, cun total de 76,4 puntos, formando parte lo listado de 3 aspirantes aprobados, xa que segundo consta nos resultados "definitivos" do exercicio da fase de oposición o aspirante ten 13 respostas correctas na proba tipo test cunha puntuación de 19,5 puntos. O aspirante non pode pretender beneficiarse dun erro do Tribunal na corrección "provisional" do seu exercicio, alegando unha suposta firmeza desa puntuación provisional, e conseguindo 1,5 puntos máis do que lle corresponde polo exame realizado, cun evidente desprezo ao principio de igualdade de trato e ao resto de aspirantes que compiten polas mesmas prazas.

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

Comunicar ao interesado as respostas detalladas a súa alegación e darlle traslado do certificado da acta nº7 do Tribunal de data 18/11/2020 e da copia de todos exercicios tipo test solicitados para cotexar o mesmo trato ao resto de aspirantes. Na copia do exercicio tipo test co código nº67284 obsérvase que a pregunta nº5 está corrixida como correcta polo Tribunal (cunha B en lapiz) cando é incorrecta, xa que a resposta correcta é a letra “b” (e non a letra “a”) como publicouse na plantilla de respostas correctas que non foi modificada nesa pregunta, polo que o número de preguntas correctas dese exercicio son 13 en vez de 14.

2º.- Manter os resultados definitivos do exercicio e a lista provisional de aprobados nos mesmos termos que os acordados e publicados en data 18/11/2020.

Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva dos 3 aspirantes aprobados que será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz e na Sede Electrónica do Concello, a efectos de que os 3 aspirantes aprobados presenten a documentación prevista na base 9 da convocatoria para formalizar os correspondentes contratos laborais como persoal laboral fixo do Concello.

Guitiriz, 25 de novembro de 2020
Documento asinado electronicamente

O secretario do Tribunal
Rafael del Barrio Berbel
Secretario do Concello de Guitiriz

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 7QDWW5677A9QAAPDPY7TLN1K7 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2